

Proceso selectivo, convocado por resolución da xerencia do 10 de maio de 2022, para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional de técnico/a superior de linguas modernas, perfil galego-portugués.

Para dar cumprimento ao establecido base 8.3 da convocatoria referida, o Tribunal acordou **PUBLICAR**:

1. **Os criterios de corrección do segundo exercicio**, convocado para o día 6 de xullo de 2022 ás 17.30 horas na aula B10 da Facultade de Filoloxía, Avda. de Castelao, s/n Campus Norte da USC. 15705 Santiago de Compostela
  - ✓ O segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas, das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e baseadas no contido do programa.
  - ✓ A duración máxima deste exercicio será de 40 minutos.
  - ✓ Para superar este exercicio será necesario obter un mínimo do 50% de respostas correctas das preguntas válidas, o que supón unha puntuación de 7.5 puntos. A puntuación máxima será de 15 puntos.
  - ✓ As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
  - ✓ No documento do exame para facilitar a comprensión por parte das persoas aspirantes, as preguntas presentaranse identificadas por cada un dos bloques do programa e as do bloque 2 identificando a lingua correspondente.
  - ✓ Recorrerase ás preguntas de reserva, pola orde na que figuren no cuestionario, só se é preciso anular algunha das 40 respostas formuladas inicialmente. As preguntas de reserva servirán, en caso necesario, para substituír calquera das preguntas anuladas, con independencia de que a pregunta de reserva corresponda a un bloque ou idioma distinto da pregunta anulada.
  - ✓ Ao finalizar o exercicio entregarase aos aspirantes unha copia do patrón de corrección coas respostas correctas.
  - ✓ As persoas aspirantes disporán de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.
2. As **instrucións de desenvolvemento do segundo exercicio**:
  - ✓ As persoas aspirantes deberán ir provistas de:
    - DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade
    - lapis do número 2
    - goma de borrar

Non está permitido copiar, falar ou facer uso de calculadoras, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou de calquera dispositivo electrónico, que deberán apagarse e gardarse antes de iniciarse o exercicio.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica  
A Presidenta do Tribunal  
María Álvarez de la Granja

Taboleiro de anuncios: Taboleiro electrónico

Sitio web: [https://www.usc.gal/gl/servizos/plan\\_pas/modules/convocatorias/convocatoria\\_0080.html](https://www.usc.gal/gl/servizos/plan_pas/modules/convocatorias/convocatoria_0080.html)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA, NIF \*\*\*1527\*\*, 28/06/2022 12:09:28.

CSV: 49F0-BEDB-426C-A9D3